



Expediente	1045/2020-Código SIA:1398865
Asunto	MEDIDAS EXTRAORDINARIAS NO ÁMBITO DE APLICACIÓN EN MATERIA DOS TRIBUTOS E OUTROS INGRESOS DE DEREITO PUBLICO DO CONCELLO DE BUEU PARA MINIMIZAR O IMPACTO FISCAL DERIVADO DO ESTADO DE ALARMA DECRETADO NO ENTORNO DA CRISE COVID19
Documento	RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS NO ÁMBITO DE APLICACIÓN EN MATERIA DOS TRIBUTOS E OUTROS INGRESOS DE DEREITO PUBLICO DO CONCELLO DE BUEU PARA MINIMIZAR O IMPACTO FISCAL DERIVADO DO ESTADO DE ALARMA DECRETADO NO ENTORNO DA CRISE COVID19

Antecedentes:

A situación de urxencia xerada pola evolución do “*coronavirus*”, levou ao Goberno da Nación, a decretar o estado de Alarma polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

A Disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, establece a suspensión dos termos e a interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos do sector público.

O 18 de marzo, entrou en vigor o Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo, polo que se modifica o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. O Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo establece que a suspensión dos termos e a interrupción dos prazos administrativos a que se fai referencia no citado Real Decreto non será de aplicación aos prazos tributarios, suxeitos a normativa especial, nin afectará, en particular, aos prazos para a presentación de declaracións e autoliquidacións tributarias.





CONCELLO DE BUEU

En consecuencia, a suspensión e interrupción de prazos prevista no Real Decreto 463/2020 non é de aplicación directa aos procedementos tributarios.

Por outra banda, o art. 33 do Real Decreto Lei 8/2020, 17 de marzo, regula expresamente os efectos da suspensión de prazos no ámbito tributario, introducindo modificacións nos vencementos dos prazos establecidos na Lei Xeral Tributaria.

Nestas circunstancias, resulta obrigada a adopción de medidas extraordinarias no ámbito de aplicación dos tributos e outros ingresos de dereito público do concello de Bueu.

No uso das atribucións que me confire o art. 21.1 k) e m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Non se suspenderán os procedementos tributarios favorables para o contribuínte.

SEGUNDO: Ampliación do prazo de pago en período voluntario ata:

- O 30 de abril de 2020 dos prazos de pago das liquidacións (non recibos de padrón de notificación colectiva) xa notificadas e cuxo período voluntario de ingreso non teña finalizado o 18 de marzo de 2020.
- O 30 de abril de 2020 das notificacións das Providencias de Constrinximento e Dilixencias de Embargo cuxo período de ingreso non teña finalizado o 18 de marzo de 2020
- O 20 de maio de 2020 dos prazos de pago das liquidacións (non recibos de padrón de notificación colectiva) notificadas despois do 18 de marzo de 2020
- O 20 de maio de 2020, das notificacións das providencias de Constrinximento e Dilixencias de Embargo notificadas despois do 18 de marzo de 2020.

TERCEIRO: Suspender o Calendario Fiscal do concello de Bueu para o Exercicio 2020 (Publicado no BOPPO nº 1 de data 2 de xaneiro de 2020). Agás o Padrón fiscal do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM) 2020.

CUARTO: Nos fraccionamentos de débeda en período voluntario de pago e de débeda en período executivo de pago, suspéndese o fraccionamento correspondente ó mes de abril (con cargo en conta bancaria el día 05/04/2020), e consecuentemente, alóngase nun mes o prazo inicialmente concedido.

Concello de Bueu

Rúa Eduardo Vincenti, 8 36930 Bueu (Pontevedra) · CIF P3600400J Rex. E.L. 111 ·
E-mail: concello@concellodebueu.gal Telf. 986 390 029 · Fax 986 322 099



Cod. Validación: 9JCAW77DQDL3MH7KQKESXJ7SW | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



CONCELLO DE BUEU

QUINTO: Prorrogar polo período de un mes o prazo de pagamento en período voluntario (**ata o 27 de maio**) dos recibos do Padrón fiscal do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica 2020, cuxo período de cobramento estaba previsto inicialmente entre o 27 de febreiro e o 27 de abril.

SEXTO: Suspensión das notificacións presenciais durante o período de duración do estado de alarma. Así como dos procedementos de Inspección Tributaria e dos procedementos vencellados á Xestión Catastral. Poderanse realizar notificación electrónica a persoas xurídicas, respectando os prazos indicados neste Decreto. A non comparecencia electrónica non producirá efectos de notificación.

SÉTIMO: Suspender ata novo aviso a emisión do cobro das remesas de taxas e prezos públicos por servizos, actividades ou ocupacións do espazo público que actualmente se atopan suspendidas, prohibidas ou afectadas pola situación derivada do Estado de Alarma COVID-19.

OITAVO: A fin de que a cidadanía poida exercer os seus dereitos e cumprir coas súas obrigas tributarias, así como para garantir ao máximo a seguridade e cumprir cos protocolos sanitarios, os documentos de pago obteranse a través das opcións “*Pagar os meus recibos*” e/ou “*Obter documento de pagamento*” da Oficina Virtual Tributaria, sita na dirección de internet con URL <https://concellodebueu.gal/pago-de-tributos/>, ou directamente en <https://bueu.tributoslocales.es/>, onde tamén poderán proceder ao pago dos mesmos. Isto tamén será de aplicación para o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, conforme o indicado no apartado quinto desta resolución, cuxas cartas de pago emitidas por correo postal ordinario o primeiro día do período voluntario de pago, figuran con data de caducidade 27/04/2020. Facilitarase aos interesados a información necesaria a través do correo electrónico bueu@canaltributos.com e do teléfono 986 39 00 66.

NOVENO: Dependendo da evolución das circunstancias e doutras medidas que sexan adoptadas polas autoridades competentes adoptaranse novas Resolucións sobre o levantamento das medidas adoptadas na presente Resolución e se fixarán os novos períodos de cobramento.

DECIMO: Esta Resolución en extracto, notificarase colectivamente mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Taboleiro do Concello de Bueu. Dándose conta da mesma ó Pleno do concello de Bueu, na primeira sesión que celebre.

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

Concello de Bueu

Rúa Eduardo Vincenti, 8 36930 Bueu (Pontevedra) · CIF P3600400J Rex. E.L. 111 ·
E-mail: concello@concellodebueu.gal Telf. 986 390 029 · Fax 986 322 099



Cod. Validación: 9JCAW77DQDL3MH7KQKESXJ7SW | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3